




ALGÚN DÍA...

Alumnado do PDC de 3º de ESO

Soños? Non, aspiracións, metas, obxectivos que aparecen por diante... e que hai que alcanzar. Isto é o que desexan os alumnos e alumnas do PDC de 3º para o futuro. O primeiro é ter ilusións; despois, hai que facer o posible para convertelas en realidade. Niso andamos.

O desexo de Mario

Algún día eu andarei plantando patacas, muxindo vacas e os sábados divertireime e non durmirei ata o domingo pola noite. Eu andarei no coche grandes distancias, gastarei todos os cartos en hoteis e en gasóleo. Porque eu quero vivir *a vida loca*.




O desexo de Belén

Algún día eu serei perruqueira e andarei por unha perruquería de Melide cortando o pelo á xente, facendo manicuras e todo tipo de cousas que fan as perruqueiras. En resumo, poñer guapa a xente. Eu estarei cortando pelo á xente cando teña experiencia e título de perruqueira.



O desexo de Lucía

Algún día eu serei perruqueira e peitearei o pelo desas meniñas tan guapas, tamén o daquelas velliñas que van todos os sabádos peitearse, e de mes en mes a tinxirse, e deixarenas moi guapas a todas. Pero, claro, tamén a eles, a eses aos que lles gusta peitearse e presumir, a todos eses algún día eu mesma os poñerei o máis guapos que poida. iiiiALGÚN DÍA!!!!



O (realismo) de David

Algún día morrerei, non se sabe en que, na moto no coche ou de morte natural, máis ben non de morte natural, senón dalgunha das outras dúas cousas.





ALGÚN DÍA...

Alumnado do PDC de 3º de ESO

O desexo de Alba

Algún día eu serei camareira e terei que traballar toda a vida para gañar moito diñeiro, para ir de vacacións a Tenerife ou tamén a outros sitios, para visitar a catedral dalgunha cidade. Gustaríame ir a Barcelona, por exemplo, para estar cunha amiga que coñecín en 1º da ESO.



O desexo de Samuel

Eu algún día querría ser futbolista profesional, pero iso é moi complicado porque o nivel está moi alto neste deporte. Así que mellor é ser algo máis realista, como bombeiro ou garda civil, porque me gustaría facer algo bo polo estado que agora está algo jorobado en todos os sentidos.



O desexo de Iván

Algún día eu serei un traballador da vila de Melide e terei a miña propia casa, preto da vila, e cando teña cartos gastareinos en tunear o meu coche, para cando pase por Melide todos se queden mirando para el. Porque a min o que máis me gusta son os coches.



O desexo de Rubén

Un día eu andarei de carpinteiro ou nalgo relacionado coa madeira, que é un material fácil de traballar e cada día hai menos xente que se dedique á carpintería que faga mobles a medida.

